XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

galicia

OFICIO

n/ref.: XRT

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
27 FEB. 2012
REXISTRO
SAÍDA N.º 0613

Asunto: envío de informe de impacto de xénero

Achégolle o informe de impacto de xénero emitido en relación ao *anteproxecto de Lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro do 2012

A subdirectora xeral de Xestión Técnico-Administrativa e Orzamentaria

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA-SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

Fe Alvedro Riveiro

XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
28 FEB. 2012
ENTRADA
Nº 1623

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

SECRETARÍA XERAL – SERVIZO TÉCNICO-XURÍDICO

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

galicia

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE DIETISTAS E NUTRICIONISTAS DE GALICIA

A Secretaría Xeral da Igualdade, ao abeiro do previsto no artigo 7 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo único, apartado 2 da Lei 7/2010, do 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, emite o seguinte **informe de impacto de xénero**

PRIMEIRO. PERTINENCIA DO INFORME.

Segundo o disposto polo artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia, "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Se non se acompañasen ou se tratase dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

Este precepto establece a obrigatoriedade da análise previa ao debate parlamentario de calquera iniciativa lexislativa que leve a cabo o goberno galego, de forma que se valore o impacto por razón de xénero que poidan ter as medidas que se establezan na mesma. Deste xeito o informe de impacto de xénero constitúese como unha ferramenta para a intervención a favor da igualdade de oportunidades dende as políticas xerais, sendo unha forma de implantar e desenvolver a estratexia da transversalidade de xénero, cumprindo así tamén o establecido no artigo 6 da citada Lei 7/2004, onde se establece que "coa dobre finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Xunta de Galicia integrará a dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade co Estatuto de Autonomía".

O anteproxecto de Lei sobre o que se emite este informe ten por obxecto a creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia. Para a valoración do impacto de xénero referente á regulación dos colexios profesionais deben de terse en conta as seguintes consideracións previas :

1) A lei 11/2001 do 18 de setembro de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante Lei 11/2001) establece a creación dos Colexios Profesionais por Lei de Parlamento de Galicia. O anteproxecto de Lei define o Colexio Profesional de Dietistas-Nutricionistas de Galicia, como corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia, e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, na liña do establecido no artigo 4 da Lei 11/2001.

2) A creación deste Colexio se debe facer por Lei, o que xa xustifica a emisión do informe de impacto de xénero, pero debe terse en conta ademais que os colexios profesionais son corporacións de dereito público e que exercen potestades públicas en determinadas ocasións e de feito participan activamente na regulación dunha profesión determinada o que pode ter unhas implicacións a nivel de xénero importantes.

3) Por outra parte a autonomía organizativa dos colexios profesionais está recoñecida na lexislación vixente, aínda que sometida a control de legalidade e incluso ao dereito administrativo cando se exercen funcións administrativas. Esta tensión normativa, entre autonomía e control de legalidade ten a súa base, na complexa natureza dos colexios, en tanto que por unha parte presentan un fundamento asociativo ou corporativo, pero por outra parte teñen unha natureza administrativa con capacidade para condicionar o exercicio dunha profesión, o que xustifica o control público polo menos en canto a legalidade, e isto inclúe tamén a lexislación vixente en materia de igualdade.

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

4) Na profesión concernida pola creación deste Colexio existe unha maior presenza de mulleres segundo pode deducirse dos datos achegados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria referidos á matricula por ciclos: no curso 2010/2011: 43 homes e 244 mulleres no Ciclo Superior de Dietética. Estas cifras descartan a infrarrepresentación feminina, se ben o problema da desigualdade nos diversos eidos profesionais non se limita só á comprobación da non existencia de infrarrepresentación da muller senón que é necesaria unha visión de conxunto xa que, mentres a presenza é escasa nalgunhas profesións, é pola contra maioritaria noutras profesións por efecto de fortes prexuízos históricos e sociais que crean "etiquetas" para "traballos de mulleres" e "traballos de homes".

5) Segundo o exposto anteriormente e logo de analizar o texto que se proxecta consideramos necesario analizar a perspectiva de xénero dende dous puntos de vista: a composición equilibrada dos órganos de decisión e por outra parte analízase a erradicación da linguaxe sexista na linguaxe normativa.

SEGUNDO. COMPOSICIÓN EQUILIBRADA DOS ÓRGANOS DE DECISIÓN

O artigo 6.2 d) da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes, establece como principio de aplicación do principio de transversalidade "o fomento dunha participación equilibrada das mulleres e homes na toma de decisións e a elaboración de estratexias para o empoderamento das mulleres".

No mesmo senso, o artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e que consonte á disposición derradeira primeira constitúe regulación das condicións básicas que garanten a igualdade de todos no exercicio dos dereitos constitucionais, establece que "... os poderes públicos procurarán atender o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes nos nomeamentos e designacións dos cargos de responsabilidade que lles correspondan".

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

No proxecto de Lei que nos ocupa debe terse en conta que a expresión "poderes públicos" vincula non só ao poder executivo, que propón mediante lei este proxecto, senón tamén ao resto de poderes constitucionais e estatutarios, e ademais da complexa natureza dos Colexios profesionais antes comentada, o que está claro é que os Colexios Profesionais son definidos na lexislación como "corporacións de dereito público" e polo tanto 'sometidos tamén neste caso ao obxectivo da "composición equilibrada", sen prexuízo da súa autonomía organizativa. Por todo isto recoméndase a introdución desta previsión na constitución do órgano provisional de goberno: a comisión xestora, incluíndo na Disposición transitoria primeira unha aliña a continuación do texto cun teor similar ao seguinte:

"Na designación das persoas integrantes da Comisión Xestora procurarase acadar unha composición equilibrada de mulleres e homes"

TERCEIRO. ERRADICACIÓN DO SEXISMO NA LINGUAXE NORMATIVA

Os artigos 17 e 18 da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes, e o artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establecen a obrigatoriedade da "implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo".

Na liña de redacción deste texto percíbese unha vontade de cumprimento das fórmulas de corrección na linguaxe administrativa utilizando formas neutras ou os dous xéneros. Non obstante recoméndase algunha modificación para un mellor cumprimento deste mandato:

- Na exposición de motivos dise "os representantes" e recoméndase "as persoas representantes" ou "os/as representantes".
- Na exposición de motivos utilízase "aos interesados" e recoméndase "ás persoas interesadas" ou "aos/ás interesados/as".

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

- Na exposición de motivos dise "dos cidadáns" e recoméndase "da cidadanía" ou "dos/as cidadáns/ás".
- Utilízase "dos profesionais", "ditos profesionais", "aos profesionais", "os profesionais", "todos os profesionais" (exposición de motivos, artigo 3º e Disposición transitoria segunda) e recoméndase: "dos/as profesionais", "ditos/as profesionais", "aos/ás profesionais", "todos/as profesionais" ou ben adecuando a forma "persoas profesionais" a cada caso.
- Na disposición transitoria terceira dise "ós membros" e recoméndase "ós/ás membros".

Santiago de Compostela, 27 de febreiro do 2012

A secretaria xeral da Igualdade

XUNTA DE GALICIA · PRESIDENCIA-SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

Susana López Abella